



Regulamento de participación do XXIII Certame de creación artística Poesía e Imaxe

EN GALEGO, SEN FILTRO

1.- Liñas xerais. O Concello de Ferrol ten entre as súas prioridades a realización de actividades de dinamización lingüística axustadas ó recollido no Plan de normalización lingüística, aprobado no seu día polo Concello Pleno, dirixidas especialmente ó sector da mocidade e o ensino, co obxectivo de potenciar un maior uso do galego entre a mocidade, a través da creación de novos ámbitos de uso do galego. Unha delas é o desenvolvemento dun actividade de creación artística Poesía e Imaxe co nome *En Galego, sen filtro*, no que o alumnado elabora manifestacións artísticas visuais ou audiovisuais que reflectan diversos textos líricos da literatura universal.

2.- Obxecto. A través destas bases o Concello de Ferrol establece as normas específicas para regular a forma de participación no actividade de creación artística Poesía e Imaxe *En galego, sen filtro* para o alumnado que estea matriculado nalgún dos cursos correspondentes ás distintas categorías deste certame nos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol –públicos, concertados ou privados– e daqueles centros da comarca que forman parte da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística, quen colabora neste certame.

3.- Modalidades e requisitos. As persoas participantes deberán presentar unha composición plástica ou audiovisual orixinal en calquera destas modalidades:

- Modalidade A, debuxo, pintura, colaxe e fotografía.
- Modalidade B, audiovisual.

Calquera texto (frase, lema...) que forme parte da obra presentada para participar **debe estar redactado en lingua galega.**

Para a realización da obra os participantes deberán escoller como motivo de inspiración unha (1) de entre as propostas de textos da literatura universal ofrecidas polas entidades organizadoras. O autor ou a autora deberá indicar o texto seleccionado. No caso de optar á modalidade B (audiovisual), deberase indicar tamén o texto seleccionado. A autoría dos traballos presentados poderá ser individual ou colectiva.

As obras, no caso de participar na **modalidade B (audiovisual)** deberán:

- Empregar imaxes, vídeos, sons ou música orixinais ou extraídos dun banco de arquivos libre e non comercial.
- Ter unha duración máxima de 5 minutos, créditos incluídos.
- De aparecer menores, contar con autorización paterna, materna ou do titor/a legal.

Calquera apropiación indebida de dereitos de autor –imaxe e/ou sons– ou incumprimento das bases desta actividade será responsabilidade directa do profesor/a ou titor/a.

4.- Niveis de participación. O alumnado que pode participar pertencerá aos seguintes niveis:

- Educación infantil
- 1º/2º/3º de Educación primaria
- 4º/5º/6º de Educación primaria
- Educación Secundaria Obrigatoria
- Bacharelato
- Ciclos formativos

5.- Fases de participación Os centros de ensino desenvolverán as súas actividades en dúas fases:

- Fase 1, no propio centro.
- Fase 2, intercentros.

6.- Desenvolvemento da actividade Na primeira fase, o centro realizará actividades que relacionen o mundo da expresión poética co da expresión plástica e audiovisual.

Para a **modalidade A**, cada centro presentara **unha obra por nivel escolar definido na base 4**

Para a **modalidade B (audiovisual)**, cada centro poderá enviar **unha obra por nivel educativo (infantil, primaria, ESO, bacharelato e ciclos formativos)** .

O incumprimento destas bases suporá a descualificación.

7.- Envío das obras participantes.

Cada centro educativo deberá enviar **ata o 3 de marzo de 2023** ao correo electrónico da Coordinadora de Normalización Lingüística de Ferrolterra-cequipnormalizacion@gmail.com- os traballos dos alumnos e alumnas presentados e seleccionados no centro, unha obra por nivel definido na base 4 e conforme coa base 6, na maneira que se detalla a seguir.

No caso **da modalidade A**, os centros remitirán unha ou varias fotografías dos orixinais e nas que se aprecie con claridade a obra.

Na **modalidade B (audiovisual)**, os traballos poderán estar aloxados nun servizo de vídeo dixital como [Vimeo](#), [Youtube](#), [DailyMotion](#) etc. sempre de maneira oculta ou privada e engadir a ligazón URL na solicitude a presentar. Tamén será posible anexar unha ligazón á plataforma de aloxamento de arquivos [Velaqui.gal](#) . Poderase empregar calquera tipo de formato e/ou soporte dixital.

Os traballos que se presentan deberán vir acompañados dos datos dos creadores e creadoras dos orixinas:

- Nome e apelidos da/s persoas autora/s
- Nivel académico: curso e etapa
- Nome do centro
- Nome dunha persoa de contacto e teléfono ou correo electrónico

8.- Prazo de entrega dos traballos. Os centros poden presentar as obras do alumnado participante desde o **1 de febreiro ata o 3 de marzo de 2022**

Non se admitirá ningunha obra enviada fóra de prazo e, en xeral, ningunha obra que non cumpra as condicións recollidas nestas normas de participación.

9.- Presentación. A Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística nomeará un grupo de profesionais do ensino que realizará a selección de traballos que cumpran todos as normas de participación. Coas obras presentadas para a fase intercentros, nun máximo de vinte e cinco (25) obras plásticas e nun máximo dez (10) obras da modalidade audiovisual, editarase unha exposición e sempre que cumpran a s seguintes criterios:

- calidade estética,
- orixinalidade,
- interrelación entre a linguaxe poética e a linguaxe plástica e visual.

Garantirase que cada nivel estea representado por un mínimo de cinco obras, sempre que se atean aos criterios anteriormente citados.

Todos os orixinais presentados na fase intercentros pasarán a ser propiedade da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística. Os traballos editados pasarán a ser propiedade do Concello de Ferrol.

10.- Agasallo conmemorativo. Ás persoas participantes outorgaráselles a reprodución dunha imaxe da obra presentada xunto cun libro conmemorativo. No caso de obras colectivas, o agasallo será tamén colectivo. Ademais, o Concello de Ferrol e a CENL realizarán coas obras seleccionadas unha exposición que se publicará nas canles de comunicación de ambas organizacións.

11.- Protección de datos. Os datos de carácter persoal do alumnado participante nesta actividade quedarán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de facilitar a xestión no desenvolvemento da actividade, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei mediante un escrito dirixido ó Concello de Ferrol, praza de Armas, s/n, 15402, Ferrol.